

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*ORDE do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.*

A Constitución española, no seu artigo 129.2, encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Comunidade Autónoma galega asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En uso da referida competencia ditouse a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, a cal recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e crea o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na Comunidade Autónoma.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, co fin de difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de Galicia, establece as bases reguladoras para o certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e aproba a súa convocatoria para o ano 2019. A súa concreción e realización levarase a cabo de xeito coordinado polas consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Economía, Emprego e Industria, na liña dos obxectivos do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia.

Sobre as bases reguladoras do certame, así como sobre a súa convocatoria para o ano 2019, emitiu informe o Consello Galego de Cooperativas.

Por todo o exposto, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,



DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

**Bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido  
ao alumnado dos centros educativos de Galicia**Artigo 1. *Finalidade*

1. O certame Cooperativismo no ensino ten por obxecto difundir e promover o cooperativismo entre o alumnado dos centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial de Galicia, impulsando a realización de actividades de fomento do cooperativismo nos centros educativos.

2. No desenvolvemento das actividades deberanse potenciar e propiciar os valores e principios que inspiran o cooperativismo, tales como: a solidariedade, o espírito democrático, a participación, a actuación colectiva ou a solución de conflitos de forma pactada.

3. O código do procedemento para a tramitación destes premios é o TR8020.

Artigo 2. *Procedemento*

1. Os premios concederanse por concorrencia competitiva, segundo o procedemento baseado no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O procedemento iniciarase de oficio coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente convocatoria pública, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. *Participantes*

1. Poden participar no certame os centros educativos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, educación especial, formación profesional e de ensinanzas de réxime especial, presentando os traballos elaborados polo seu alumnado, segundo as modalidades e nos termos previstos nestas bases.

2. Non poderán participar as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, en quen conorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



**Artigo 4. Modalidades**

O alumnado dos centros educativos de Galicia poderá presentar os traballos nas seguintes modalidades:

a) Actividades artísticas, tales como debuxos, pinturas, maquetas, fotografías ou vídeos, dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial.

b) Actividades cooperativizadas, dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial.

c) Proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

**Artigo 5. Modalidade de actividades artísticas, dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial**

1. O alumnado dos centros de infantil, primaria e educación especial poderá presentar a este concurso os debuxos, pinturas, maquetas, fotografías ou vídeos realizados por eles, en que se reflecta a posta en práctica dos valores e principios cooperativos, segundo as seguintes categorías:

a) Categoría A: alumnado de 2º ciclo de educación infantil.

b) Categoría B: alumnado de 1º e 2º de educación primaria.

c) Categoría C: alumnado de 3º e 4º de educación primaria.

d) Categoría D: alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

2. Os traballos presentados poderán optar aos seguintes premios:

a) Un premio ao mellor traballo de cada categoría.

b) Un accésit por cada categoría.

3. Condicións técnicas.

a) Os traballos de debuxo, pintura e elaboración de maquetas presentaranse en formato e soporte libre, empregando as técnicas que o alumnado decida. Os traballos deberán es-



tar correctamente identificados en letras maiúsculas cos datos de autoría: nome, apelidos, idade, curso, enderezo do centro escolar, así como a categoría en que participan e título do traballo.

b) Os traballos de fotografía presentaranse en formato dixital, arquivos JPG, RAW ou TIFF, en alta resolución para a súa posible publicación, de 2.000 píxeles como mínimo no seu lado máis reducido. A resolución recomendada é de 300 ppp. Ademais dos arquivos en formato dixital deberán enviarse copias en papel. Cada fotografía (copia impresa), así como o correspondente soporte coas copias dos arquivos, deberán levar unha inscrición no reverso que indique con letra lexible os datos de identificación da autoría: nome, apelidos, idade, curso, enderezo do centro escolar, así como a categoría en que participan e título do traballo.

c) No caso de vídeos, as producións presentaranse nun DVD estándar ou outro soporte reproducibile en calquera reprodutor convencional, e poderán conter menú de inicio. O formato será MPEG2 PAL, configurado como zona 2 ou como zona libre. A súa duración non poderá exceder os 10 minutos. O soporte non poderá conter máis dun traballo e deberá estar identificado cos datos da autoría: nome, apelidos, idade, curso, enderezo do centro escolar e a categoría en que participan, título da creación presentada, así como unha ficha técnica.

d) Todos os textos, locucións e grafismos empregados nos traballos deberán utilizar o galego. Non se admitirá ningún traballo en soporte distinto dos anteriores ou que non respecte as condicións indicadas.

4. En cada traballo deberán participar, como mínimo, tres alumnos ou alumnas.

*Artigo 6. Modalidade de actividades cooperativizadas, dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial*

1. O alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e de educación especial poderá presentar a este concurso as memorias de actividades realizadas cooperativamente por grupos de alumnos ou alumnas. As actividades poderán consistir, entre outras, en viaxes de ampliación de estudos, festivais de fin de curso, campionatos deportivos, xornais, páxinas web, programas de radio ou obras de teatro.



2. Os traballos presentados poderán optar aos seguintes premios:

- a) Un premio ao mellor traballo.
- b) Un accésit.

3. A memoria dos traballos realizados describirá o proceso de elaboración e realización da actividade de xeito que indique:

- a) Título do traballo.
- b) Definición dos obxectivos, aclarando as metas que se pretenden acadar e os beneficios de tipo cooperativo que se espera que reporte a actividade.
- c) Asignación de tarefas. Débese dividir o traballo en partes e decidir que persoa ou persoas se encargan de cada unha delas. Para isto é importante ter en conta os intereses de cadaquén, as súas posibilidades, coñecementos, preferencias, etc.
- d) Tarefas desenvolvidas. Débese especificar que tipo de recursos se precisan para levar a cabo a actividade e cales deles se utilizan. Estes poden ser materiais de tipo documental, gráficos, sonoros, económicos, etc. Tamén é necesario precisar a maneira de obtelos.
- e) Dinámica das reunións. Para que o traballo estea coordinado hai que celebrar reunións periódicas para poñer en común o realizado, así como para establecer cales son as seguintes tarefas, os prazos, as persoas encargadas de realizalas e calquera decisión sobre a marcha do proxecto. Para este fin débense levantar actas das reunións en que se deixe constancia de todo isto.

- f) Resultado final.

Esta memoria deberá estar redactada en galego e terá unha extensión máxima de 6 follas DIN A4 escritas por unha soa cara. Engadiranse, como anexos, o resultado final e os documentos precisos para xustificar a realización do proxecto, nas súas diferentes etapas, tales como fotografías da realización, documentos, materiais realizados e actas das reunións, debidamente identificados co nome do centro e o título do proxecto.

4. En cada traballo deberán participar, como mínimo, tres alumnos ou alumnas.



*Artigo 7. Modalidade de proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial*

1. O alumnado dos centros educativos que impartan formación profesional específica e de ensinanzas de réxime especial, nos cales se realizasen actividades de fomento e divulgación do cooperativismo, poderá presentar a este concurso os proxectos empresariais elaborados por eles, baixo a única modalidade de proxectos empresariais cooperativos.

2. Os traballos presentados á modalidade de proxectos empresariais cooperativos poderán optar aos seguintes premios:

a) Premio ao mellor proxecto.

b) Un accésit ao proxecto finalista.

3. Os proxectos deberán desenvolver o proceso completo de posta en marcha dun proxecto empresarial, baixo a fórmula cooperativa, orixinal, coherente e viable economicamente.

Os proxectos deberán estar redactados en galego e presentaranse en formato papel e en formato electrónico que permita a súa posterior publicación, acompañados obrigatoriamente dunha ficha resumo segundo o modelo que pode obterse na sección de axudas e subvencións da web <http://ceei.xunta.gal/>, así como dun currículo do grupo (nomes, apelidos, idades e estudos do alumnado).

4. Na elaboración de cada proxecto deberán participar, como mínimo, tres alumnos ou alumnas, que deberán estar dirixidos por un profesor ou profesora, ou un director ou directora.

*Artigo 8. Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

2. Así mesmo, en aplicación do previsto no punto 3 do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 31 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, as persoas físicas, titulares dun centro educativo, dispoñen da capacidade económica e



técnica que lles permita acceder e dispoñer dos medios electrónicos necesarios para relacionarse coas administracións. Por tanto, as persoas físicas presentarán as súas solicitudes da mesma forma prevista no parágrafo anterior.

3. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

4. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

*Artigo 9. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa que asina como solicitante.

b) Traballos que se presentan ao certame segundo se indica:

- Modalidade de actividades artísticas: debuxos, pinturas, maquetas, fotografías ou vídeos, de conformidade co sinalado no artigo 5.

- Modalidade de actividades cooperativizadas: memorias das actividades realizadas cooperativamente, segundo o sinalado no artigo 6.

- Modalidade de proxectos empresariais cooperativos: proxectos, ficha resumo, e currículo do grupo, segundo o sinalado no artigo 7.

2. Non será necesario achegar a documentación acreditativa de representación que xa fose presentada anteriormente sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Non obstante, os traballos do alumnado na modalidade de actividades artísticas, debidamente identificados, deberán entregarse na Secretaría Xeral de Emprego (Consellería de Economía, Emprego e Industria, Edificio Administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela). Poderase utilizar calquera tipo de envío sempre que garanta a entrega no lugar e no prazo previsto na convocatoria.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

#### Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.

Só para as modalidades de actividades artísticas e actividades cooperativizadas, a seguinte documentación:

- c) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.





d) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.

e) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os devanditos documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 11. *Instrución e notificacións*

1. O órgano instrutor dos expedientes será a Subdirección Xeral de Economía Social da Secretaría Xeral de Emprego, que se encargará de comprobar que as solicitudes e a documentación presentada reúnen os requisitos exixidos nesta orde. No suposto de que observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, e atendendo ao disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requiriralle ao interesado para que a repare no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días. Se non o fixer, terase por desistido da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21, en relación co artigo 68, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Poderase requirir dos interesados aquela información e documentación complementaria que poida resultar relevante para a avaliación dos méritos alegados.

3. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



5. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

6. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición sen que se acceda ao seu contido.

7. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo.

#### Artigo 12. *Tribunais e criterios de avaliación*

1. Os traballos que participen nas modalidades de actividades artísticas e actividades cooperativizadas serán avaliados por un tribunal composto polos seguintes membros:

a) Dúas persoas nomeadas polas asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas.

b) Dúas persoas, nomeadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, especialistas nas materias de debuxo e pintura e en audiovisual, respectivamente.

c) A persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego, ou persoa en quen delegue, que o presidirá.

O tribunal emitirá proposta sobre os traballos presentados tendo en conta os seguintes criterios de valoración:

- Representación dos valores e actitudes que representa o cooperativismo, ata 25 puntos.
- Grao de organización amosado na realización do traballo polo grupo, ata 25 puntos.



- Orixinalidade do traballo e tema elixido, ata 25 puntos.

- Calidade final do traballo presentado, ata 25 puntos.

2. Os proxectos presentados á modalidade de proxectos empresariais cooperativos serán avaliados por un tribunal composto polos seguintes membros:

a) Dúas persoas nomeadas polas asociacións de cooperativas presentes no Consello Galego de Cooperativas.

b) Unha persoa nomeada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

c) Unha persoa técnica especialista en cooperativismo nomeada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

d) A persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego, ou persoa en quen delegue, que o presidirá.

O tribunal emitirá proposta sobre os proxectos presentados tendo en conta os seguintes criterios de valoración:

- A coherencia do traballo, ata 25 puntos.
- A orixinalidade do tema elixido, ata 25 puntos.
- A viabilidade económica do proxecto, ata 25 puntos.
- A relación coa contorna onde se desenvolve, ata 25 puntos.

3. Os tribunais poderán propoñer que se declaren os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

4. Os tribunais non poderán propoñer a un mesmo centro como gañador do premio ao mellor traballo e do accésit nunha mesma categoría. No caso de que os dous traballos que acaden a maior puntuación nunha mesma categoría correspondan a un mesmo centro, o tribunal deberá propoñer como gañador do accésit ao centro cuxo traballo obtivera a puntuación seguinte.



Artigo 13. *Apoio aos centros educativos para a realización de actividades de promoción do cooperativismo*

Co obxecto de facilitar a realización das actividades de promoción do cooperativismo, os centros educativos poderán solicitar asesoramento en materia dos principios e valores cooperativos a través de escrito dirixido á Secretaría Xeral de Emprego.

Artigo 14. *Resolución e recursos*

1. Á vista da deliberación do tribunal, contida na acta da sesión en que se concrete a súa valoración para o outorgamento dos premios, a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego resolverá, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a concesión dos premios, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web <http://ceei.xunta.gal/>, e notificaráselles aos centros de ensino premiados.

2. O prazo para ditar e notificar as resolucións será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Unha vez notificada a resolución, as persoas e entidades interesadas dispoñerán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior é de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



**Artigo 15. Xustificación e pagamento**

1. Os importes dos premios correspondentes ás modalidades de actividades artísticas e de actividades cooperativizadas serán aboados aos centros de ensino gañadores de oficio pola Secretaría Xeral de Emprego.

2. No prazo indicado na convocatoria, os centros premiados deberán remitir a seguinte documentación xustificativa do destino do importe recibido:

a) Facturas xustificativas da adquisición do material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, ou do custo da realización dunha actividade formativa, deportiva ou cultural dirixida ao alumnado do centro.

b) Memoria explicativa indicando o obxecto do gasto, xustificación deste e alumnado beneficiario.

c) Declaración asinada pola persoa que ocupe a dirección do centro que acredite a conformidade das facturas presentadas, así como o xustificante bancario de transferencia conforme foi aboada a factura ou facturas que se presentan como xustificación do premio outorgado.

3. Os importes dos premios correspondentes á modalidade de proxectos empresariais cooperativos serán aboados ás persoas autoras do proxecto. Para iso o centro responsable do proxecto premiado deberá presentar a solicitude de pagamento segundo o modelo que figura como anexo II a esta orde, xunto coa seguinte documentación xustificativa, no prazo indicado na convocatoria:

a) Declaración asinada por todos os autores do proxecto que acredite as contías atribuídas individualmente a cada un deles.

b) Memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto, se é o caso. A memoria deberá incluír a acta da asemblea constituínte da cooperativa, no caso de terse celebrado, cos datos de identificación das persoas integrantes (nome e apelidos, domicilio e DNI).

c) Datos identificativos de cada unha das persoas participantes segundo o modelo do anexo III, asinado por cada participante.



Ademais, consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

d) DNI ou NIE das persoas participantes.

e) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

f) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.

g) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.

4. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os devanditos documentos.

5. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

6. A xustificación deberá presentarse na Secretaría Xeral de Emprego (Consellería de Economía, Emprego e Industria, Edificio Administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela). Esta presentación deberá facerse unicamente por medios electrónicos.

#### Artigo 16. *Financiamento e normativa reguladora*

1. A concesión dos premios realizarase con cargo aos recursos económicos asignados á Secretaría Xeral de Emprego nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega. As aplicacións orzamentarias e os importes asignados a estes premios figurarán nas oportunas convocatorias.

2. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse a estas bases e ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.



**Artigo 17. *Transparencia***

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

**Artigo 18. *Condicións xerais de participación***

1. O outorgamento dos premios establecidos neste certame implica, sen necesidade de declaración ningunha por parte dos/das autores/as, o recoñecemento do dereito a favor da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de reproducir, traducir e difundir os traballos premiados nas condicións, cos medios e a través dos suxeitos, entidades ou institucións que consideren oportunos.

2. A Consellería de Economía, Emprego e Industria reserva para si o dereito a difundir o nome e/ou imaxes das persoas e centros gañadores, polos medios e formas de comunicación que crean convenientes durante todo o tempo que considere necesario e sen obriga de realizar ningunha compensación. Considérase que as persoas participantes no certame prestaron o seu consentimento ao presentaren os traballos.

3. As persoas e entidades concursantes exoneran de toda responsabilidade á Consellería de Economía, Emprego e Industria, no caso de que os traballos resultaran danados ou destruídos por caso fortuíto ou forza maior, mentres estean no seu poder. Os centros poderán recoller os traballos presentados nun prazo de tres meses a partir do día da entrega dos premios.

4. A participación neste certame implica a aceptación incondicional destas bases que teñen carácter administrativo, e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas e, na súa falta, pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.



**Artigo 19. Obrigas dos beneficiarios, compatibilidade e reintegro**

1. As persoas e entidades beneficiarias quedan obrigadas a someterse ás accións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, a achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, e demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os premios serán compatibles con calquera subvención ou axuda para a mesma finalidade.

3. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

**CAPÍTULO II****Convocatoria do certame Cooperativismo no ensino para o ano 2019****Artigo 20. Convocatoria**

Convócase para o ano 2019 o certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia.

**Artigo 21. Prazo de presentación de solicitudes e traballos**

O prazo de presentación das solicitudes comeza ao día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e remata o 30 de abril de 2019. Non obstante, se o período de presentación resulte inferior a un mes, as solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

**Artigo 22. Contía dos premios**

1. Os traballos presentados á modalidade de actividades artísticas, dirixida ao alumnado de infantil e primaria, e á modalidade de actividades cooperativizadas, dirixido ao alumna-





do dos centros de secundaria, nas súas distintas categorías, poderán optar aos seguintes premios:

- Un premio ao mellor traballo de cada categoría: os centros de ensino premiados en cada categoría recibirán a cantidade de 2.500 euros destinados á adquisición de material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, así como á celebración dunha actividade formativa, cultural ou deportiva dirixida ao alumnado do centro.

- Un accésit por cada categoría: os centros de ensino premiados en cada categoría recibirán a cantidade de 1.500 euros destinados á adquisición de material didáctico, audiovisual, informático ou deportivo, así como á celebración dunha actividade formativa, cultural ou deportiva dirixida ao alumnado do centro.

Poderanse acumular os importes dos distintos premios no caso de que o centro resulte gañador de máis dun premio.

2. Os traballos presentados á modalidade de proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e ensinanzas de réxime especial, poderán optar aos seguintes premios:

- Un premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo coa seguinte dotación:
  - Un premio de 4.500 euros, que se repartirá entre o alumnado que elaborou o proxecto premiado.
- Un accésit coa seguinte dotación:
  - Un premio de 3.500 euros, que se repartirá entre o alumnado que elaborou o proxecto finalista.

#### Artigo 23. *Prazo de presentación da documentación xustificativa*

1. Na modalidade de actividades artísticas e de actividades cooperativizadas, o prazo de presentación da documentación xustificativa do destino do importe recibido rematará o 30 de novembro de 2019.

2. Na modalidade de proxectos empresariais cooperativos, o prazo de presentación da documentación xustificativa para o pagamento destes premios rematará o 31 de outubro de 2019. Non obstante, esta documentación tamén poderá presentarse xunto coa solicitude.



**Artigo 24. Financiamento**

A concesión dos premios previstos nesta convocatoria realizarase con cargo aos recursos económicos asignados á Secretaría Xeral de Emprego, aplicación 09.40.324C.480.1, do proxecto dos orzamentos da Comunidade Autónoma galega para o ano 2019, ata un importe máximo de 28.000 euros.

**Artigo 25. Tramitación anticipada**

Esta convocatoria tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no cal se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, e tamén de conformidade coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, que posibilitan a tramitación anticipada dos expedientes de gasto no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vai imputar o correspondente gasto.

Deste xeito a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2019.

**Disposición adicional primeira. Información básica sobre protección de datos persoais**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Economía, Emprego e Industria, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para resolver a concesión dos premios previstos nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, ou a súa revogación, así como para resolver os procedementos de reintegro dos importes indebidamente percibidos.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e as instrucións necesarias para o desenvolvemento e o cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>CERTAME COOPERATIVISMO NO ENSINO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>TR8020</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

CENTRO EDUCATIVO  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a:  Entidade solicitante  Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.  
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.  
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS** (só para as modalidades de actividades artísticas e actividades cooperativizadas)

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)  
IBAN

**MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN**

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

- Categoría A: 2º ciclo de educación infantil
- Categoría B: 1º e 2º ciclo de educación primaria
- Categoría C: 3º e 4º ciclo de educación primaria
- Categoría D: 5º e 6º ciclo de educación primaria

ACTIVIDADES COOPERATIVIZADAS

PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS


**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xxutu8g1-8ca6-u1p3-vje8-oinzwnlncpq11



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA** (continuación)


2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<b>MODALIDADE DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS</b>			
<input type="checkbox"/> Traballo.			
<b>MODALIDADE DE ACTIVIDADES COOPERATIVIZADAS</b>			
<input type="checkbox"/> Memoria.			
<b>MODALIDADE DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS</b>			
<input type="checkbox"/> Proxecto empresarial cooperativo			
<input type="checkbox"/> Currículo do grupo			
<input type="checkbox"/> Ficha resumo segundo o artigo 7.3 da orde			
Para todas as modalidades	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación da persoa que asina como solicitante			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Só para as modalidades de actividades artísticas e actividades cooperativizadas, a seguinte documentación:	
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga	<input type="checkbox"/>

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: xxutu8g1-8ca6-u1p3-vje8-oinzwlncpq11


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA**ANEXO I**  
(continuación)**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>


**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral de Emprego

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO**

TR8020 CERTAME COOPERATIVISMO NO ENSINO - MODALIDADE DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
CENTRO EDUCATIVO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir: TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>	

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA COA SOLICITUDE DE PAGAMENTO	
<input type="checkbox"/>	Declaración asinada por todas as persoas autoras do proxecto que acredite as contías atribuídas individualmente a cada unha delas.
<input type="checkbox"/>	Memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto, se é o caso. A memoria deberá incluír a acta da asemblea constituinte da cooperativa, no caso de terse celebrado, cos datos de identificación das persoas integrantes (nome e apelidos, domicilio e DNI).
<input type="checkbox"/>	Anexo III de datos de cada unha das persoas participantes.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE	
Lugar e data	
<input type="text"/>	, <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



Secretaría Xeral de Emprego


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

**DATOS E AUTORIZACIÓN DA PERSOA PARTICIPANTE**


TR8020 CERTAME COOPERATIVISMO NO ENSINO - MODALIDADE DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS

<b>DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS BANCARIOS</b>							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA			NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)				
<input type="text"/>			IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa participante.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga.	<input type="checkbox"/>

<b>SINATURA DA PERSOA PARTICIPANTE</b>			
Lugar e data			
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>
		de	<input type="text"/>



Secretaría Xeral de Emprego



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>